



LÉXICO COTIÁN DE PROCEDENCIA ÁRABE NA DOCUMENTACIÓN LATINA DE GALICIA

Xaime Varela Sieiro

1. A presenza do elemento árabe na lingua galega é “unha das cuestións pendentes que ten a lingüística galega” tal e como afirma Xavier Frías Conde no seu estudo que palía en certa medida esta falta de atención (Frías 2000 e 2002). Esta carencia é extensible ás distintas épocas da nosa lingua. Para esta ocasión, a nosa intención é a de analizar, anque sexa de xeito escueto, dentro do campo semántico da cotidianeidade a terminoloxía de orixe árabe que se acha na documentación latina altomedieval de Galicia. É dicir, situaremos este traballo nun período no que o romance era a lingua natural mentres que o latín era a lingua aprendida que se intentaba poñer en práctica en cada acto de redacción dun documento. Agora ben, non poucas veces este tipo de prosa revela a tensión entre o desexo de escribir segundo a norma latina e a necesidade de suplir o imperfecto dominio do latín con elementos romances así como a busca de formas comprensibles para os actores do diploma; e, á súa vez, descobre a incorporación dun número importante de voces árabes que, de xeito habitual, remiten a novos conceptos dunha sociedade diferente e, en menor medida, substitúen a outras existentes.

2. A presenza de abundantes voces de orixe árabe na documentación peninsular —tanto na toponimia e antroponimia coma no léxico— adoita explicarse polo desprazamento masivo e continuo de mozárabes cara as zonas septentrionais de dominio cristián a partir do século IX. Eles serían os principais transmisores de arabismos non só porque a súa lingua romance, o romandalusí, estaba inzada de arabismos senón tamén porque moitos deles eran bilingües, sobre todo, de árabe andalusí. Daquela, para estudar os arabismos nas linguas romances é necesario partir sobre todo desta variante dialectal.

Erro K. Neuvonen ó estudar os arabismos do español do século XIII distinguía tres fases segundo a cronoloxía da súa introducción: a) durante a época de expansión musulmana e principios da Reconquista (711-medios XI); b) arabismos que entraron durante as grandes Reconquistas (medios XI-principios XIII) e c) arabismos adoptados durante a expansión

definitiva de Castela e do castelán. Nesa primeira época, os romances do centro e do oeste peninsular incorporarían, a través dos mozárabes, numerosos arabismos con pegadas no léxico e na toponimia. Con respecto ó léxico, a maioría só se testemuñan unha vez nos documentos, son accidentais, quizais debidos á intervención na súa redacción de mozárabes polo que máis que préstamos sería simples substitutos sen uso na fala normal; se embargo, algúns deste período pasarían ó romance do século XIII e incluso pervivirían na actualidade. A partir de mediados do século XI a influencia irradiadora da cultura mozárabe asturiano-leonesa iría decaendo e, anque intensa, sería menos extensa (Neuvonen 1941).

Máis recentemente, Morala García adoptou unha posición un tanto distinta para explicar os arabismos na documentación medieval leonesa ó restarlle importancia ó papel desempeñado polos mozárabes. Considera que o escaso número de veces que se repite cada voz —a accidentalidade da que falaba Neuvonen—, o propio contexto no que aparecen á beira doutras series de arabismos, a súa falta de consolidación no romance da época e posterior desaparición así como o tipo de léxico e o seu polimorfismo gráfico son factores que apuntan máis a supoñer a existencia de relacións comerciais entre Alandalús e os reinos cristiáns que a demostrar un claro influxo lingüístico e unha arabización previa do territorio; ou sexa, na maior parte de casos estaríamos ante nomes de produtos exóticos (Morala 1993).

Nestes últimos anos, pola contra, o arabista Federico Corriente volveulle a ceder o protagonismo ós mozarábes e á súa lingua “de una comunidad predominantemente islámica, que los mozárabes aún bilingües que emigran al Norte hispano en los siglos IX y X la usan por algún tiempo para entenderse con la población local (...) la abandonan en cuanto dominan los dialectos locales septentrionales locales que, sin duda, les parecen más «cristianos», aunque no puedan impedir llenarlos de arabismos para expresar conceptos de la cultura superior del momento...” (Corriente 1999: 13). Á súa vez este profesor lanza as súas críticas contra os que tentan “establecer en el Norte de la Península Ibérica ciertas zonas lingüística y étnicamente «limpias» de influencia islámica, como si de un virus pernicioso se tratara cuando, en realidad y en aquel contexto, la presencia de arabismos era indicio de integración en la más lata cultura del momento” (Corriente 1999: 13).

3. Tras esta sucinta presentación do estado da cuestión chegado é o momento de analizar a situación dos arabismos na documentación medieval de Galicia. Para eso coidamos necesario facer algúns apuntamentos previos no tocante ás características do corpus que manexamos. O montante de actas que o compoñen ascende a 4200 pertencentes a preto dunha corentena de entidades relixiosas do actual espacio administrativo de Galicia. O marco temporal no que se circunscriben abrangue dende a segunda metade do século VIII ata o 1250¹.

Por outra parte, ante unha análise deste tipo existen unha serie de

¹ A maneira de citar os documentos do noso corpus é a seguinte: as letras iniciais indican a colección documental, a continuación o número de documento segundo a edición manexada e, por último, o ano do mesmo. Por outra parte, o asterisco antes dunha referencia indica que nos achamos ante unha mención nun doc. orixinal.

factores e condicionantes previos que é necesario considerar:

- a) En primeiro lugar, salvo determinados casos, nós seguimos as edicións das coleccións diplomáticas ó uso co cal é preciso armarse de moita cautela, sobre todo, nos comentarios relativos á forma gráfica destes vocábulos. Non poucas veces ós editores destes textos se lles presentan problemas para transcribir, quizais pola súa rareza, voces de procedencia oriental. Por exemplo, os editores do Tombo de Vilanova de Lourenzá len en Lo. 1, 969, *almurallas*, cando no documento aparece *almuzallas*. Outro caso, en Ce. 2, 942, encontramos dúas abreviaturas diferentes para un mesmo termo alusivo a un tecido de feltro, a saber, *ant^omnu* e *ant[~]inu*; pois ben a primeira é desenvolta de modo xeral en *antromnu* mentres que a segunda é transcrita polos os editores como *antinu*, *antinum* ou *antreinu*² que parece ser a que mellor lle acae.
- b) Todo isto non deixa senón entrever os propios problemas que tiñan os notarios á hora de darlle unha forma gráfica a estas novas palabras que non gozaban de tradición escrita e con fonemas descoñecidos no ámbito románico. Problemas semellantes causan estas voces dous ou tres séculos despois cando moitos destes documentos son copiados ós Tombos. Un caso bastante significativo constitúeo unha acta de *Sa. 79, 1074 onde nos atopamos cun hápax alusivo a un tipo de calzado, isto é, *ballugas*. Pois ben, quizais por incompreensión no momento da copia, esta palabra foi copiada no Tombo como *babugas*; e máis aínda, o editor desta acta non transcribe correctamente nin a orixinal nin a copia e ofréce-nos *bullugas*. De aquí tamén se deduce a pertinencia dun estudio sobre as diferencias que presenta esta terminoloxía entre os orixinais e as copias transcritas moitos anos despois.
- c) Debemos, ademais, ter en conta certo carácter de provisionalidade na consideración ou non de certos arabismos pois segundo avanza as investigacións uns descártanse como tales, outros incorpóranse á nómina e algún que outro espera aínda unha resolución. Un exemplo podería ser *gardunio* (Ce. 534, 1060) de orixe árabe ou beréber tanto para Eguilaz como para Corominas-Pascual e desbotada como tal ultimamente por Corriente. Á inversa temos o exemplo de *rexelo*: considerado tradicionalmente como proveniente dunha forma latino-tardía *rescella*, para Corriente non deixa de ser un derivado do andalusí *rasá* ‘cría de gacela’ con sufixación diminutiva romance.

4. Pois ben, no corpus documental manexado chegamos a identificar máis de 70 voces de procencia árabe que poderíamos encadrar no campo semántico da cotidianidade. Como veremos, tan só unhas poucas son exclusivas do noso corpus; a maior parte encontrámolos tamén testemuñadas noutros cartularios peninsulares, sobre todo, do cadrante noroccidental³.

² Lida así por E. Sáez-C. Sáez (1996) que certos da lectura incluso engaden un (*sic*) a continuación.

³ Para as referencias a testemuños doutros ámbitos utilizaremos abreviaturas correspondentes ás do *Index do Nouum glossarium mediae latinitatis*... agás se son tiradas de estudos particulares que, serán indicados, no seu caso.

O primeiro termo de orixe árabe que atopamos no noso conxunto documental rexistrámolo en So. 63, 877, *argentum hazumi*, frase coa que se aludía ós dirhemes *qasimíes*, ou sexa, unha acuñación particularmente boa de dirhemes, que leva o nome de Qasim, xefe da ceca de Abdamarrahman III.

En canto á cronoloxía dos arabismos restantes destaca o dato seguinte: un 75% deles áchase en documentos datados durante os séculos X-XI, ou sexa, no período que Neuvonen definía como de conquista e expansión musulmana; un 16% datan do século XII e un 7% da primeira metade do XIII. Canto ó índice de ocorrencias, palabras como *azenia*, *morabetinos*, *almozalas* ou *taleiga* testemuñanse nun número considerable de veces, como para non dubidar da súa consolidación no sistema lingüístico da época; pola contra, dun 47% das voces só posuímos unha única ocorrencia e dun 20% dúas ou cal podería ser indicio do seu carácter provisional, da súa accidentalidade neste tipo de textos. Incluso unha ducia delas son hápax exclusivos do noso corpus, case sempre referidas a adornos ou teas, véxase, *mezki* (Ce. 2, 942) ‘marrón’, *bizath* (Ce. 2, 942) ‘tapizado’ ou *aluataroni* (TA. 21, 911) ‘tea elaborada en Wadzar, preto de Samarcanda’⁴.

Agora ben, que aparezan en contadas ocasións non implica que non estivesen integrados no romance e incluso pervivisen ata o de hoxe: un exemplo disto podería ser *citharas* (Lo, 1, 969) ‘veo, cortina, alfombra’ que como moito atopamos en tres documentos e rexístrase tamén en CSM, 348, *çitaras ben labradas*; ou *arrodomas* (Ce. 2, 942) ‘redomas’ do cal só temos dous testemuños. Segundo os nosos datos, un 35% dos arabismos que recolleemos están aínda vixentes no galego medieval e / ou no contemporáneo. Deles, a maior parte xa figuraba na documentación latina de Galicia do século X-XI, véxase, *azenia*, *almozalas*, *almude*, *arraualde*, *almexia* ou *ceramen*.

5. Respecto ó tipo de actas nas que figuran estes termos, unha parte considerable son testamentos ou dotacións que inclúen amplas enumeracións de bens mobles. Na estrutura interna dos documentos sitúanse normalmente na parte dispositiva do texto, despois do verbo que expresa a vontade do autor, é de ver, So. 38, 985, *pecculiare quod laxauit...id est, pelle de alfanege, adorra tirace...* Tamén a partir do século XI gozan de certa frecuencia completando as fórmulas de pagamento dalgún ben, como ocorre en Sa. 9, 1055, *precium I^a equa...et I saial facenzal...* Malia apareceren nun número importante de actas, existen tres que son especialmente ricas neste tipo de voces: a doazón de Ilduara a Celanova (Ce. 4, 938), a dotación de Rosendo a Celanova (Ce. 2, 942) e a de Adosinda a San Martiño de Lalín *(La. 3, 1019). Por outra parte, a ausencia de subscripción notarial na maior parte das actas que conteñen arabismos impídenos identificar o notario e, xa que logo, conxectar con máis visos de realidade sobre a posible intervención dun mozárabe na súa redacción.

6. Un dos aspectos máis rechamantes da comparencia dos arabismos

⁴ A identificación e explicación dunha boa parte dos tipos de tecidos de procedencia oriental que aparecen na documentación peninsular -como é neste caso- encontrámola no importante estudo sobre a lingua dos mozárabes de A. Steiger publicado no 1943.

na prosa tabeliónica é o seu polimorfismo gráfico. Por veces, resulta de gran dificultade chegar a agrupar todos os significantes que pode presentar unha voz; a modo de exemplo sirva *azenia* (Ce. 7, 950), *azzeniam* (TA. 52, 986) ou *zenias* (SoII. 37, 1186); tamén *almafíl* (Ce. 2, 942) e *ammafide* *(La. 3, 1019) ‘marfil’. Máis complicadas son as formas *aluexi* (Ce. 4, 938) ou *alueici* (en Guimarães, a, 959) para referirse a unha tea de seda branca e moi fina; igualmente *duxeriz* (Ch. 2, 1073), *duceri* *(La. 3, 1019), *ozoli* (Lugo, a. 988), *leceril* (San Tomé de Nemeño a. 1105) ou *dolcedi* (León a. 1073) serían (Steiger 1943: 669-680) distintas formas de aludir a un tecido de seda procedente de Dastuwa, na provincia persa do Xuzistán. Sen dúbida, estas variacións gráficas responden a varias causas que van dende a dificultade de darlle unha forma gráfica, no primeiro momento de fixación por escrito, a palabras con fonética distinta da románica ata as propias variacións xurdidas tralos procesos de copia. Estudiar todo este proceso é, sen dúbida, un tema do que se poderían extraer datos de interese.

7. Os campos semánticos que abranguen os arabismos repertoriados e o número deles que os integran darannos unha visión aproximada das parcelas da sociedade máis sometidas ó influxo oriental. Canto á maneira de citalos tan só intentaremos dar a referencia máis antiga no noso corpus.

7. 1. En primeiro lugar, son poucos os que podemos enmarcar dentro do que sería a agricultura e gandería (10%): *almunia* (TA. 95, 1099) ‘horta’, *azenia* (Ce. 7, 950), *zudas* (TA. 103, 1140) ‘presa’, *zumares* (Ce. 555, 1001) ‘zumaque’, *maquia* *(SC. 8, 1888), *alfaraz* (Ce. 65, 982) ‘cabalo’ ou *rexelos* (So. 65, 905 ‘cría dunha vaca, ovella ou cabra’; esta voz aparece outra vez no século X, en Ce. 421, 997 e logo non a volvemos recoller ata *Cb. 37, 1110⁵).

7. 2. Outra área léxica sería a relativa a institucións sociais e administrativas. Neste punto recollemos as seguintes (11%): *aldeia* (TA. 110, 1147), *arraualde*⁶ (Ce. 7, 950) –referencia máis antiga na Península–, *barrio* (Ce. 30, 1105), *azouge* (Cv. 262, 1244) ‘mercado’, *mezquita* (Ce. 540, 1031), *alfoz* *(Me. 73, 1232) ‘territorio, comarca’ e *alcalde* *(Os. 66, 1183) ou *alferiz* en *Sa. S24, 1158⁷.

7. 3. Moedas e medidas (8%): *morabitanos* (Sa. 91, 967) ‘marabedís’, *kazomi* (So. 63, 877), *mectal* (TA. 27, 915) ‘tipo de moeda’; *taleiga* (SoII. 56, 1161) -e variantes como *teiga* (SoII. 351, 1200)-, *faneiga* (TA. 106, 1150) e *almute* (Ce. 366, 1012) ‘medida de áridos’ ou *atabia*⁸.

7. 4. En canto á indumentaria atopamos (10%) termos alusivos ó calzado como *ballugas* *(Sa. 79, 1074) ‘borceguís’; ó vestido, *adorra* (So. 38,

⁵ Tamén noutros ámbitos, cf. da catedral de León, a. 914-924, *decimum de illa nostra almunia*; a. 921, *in loco predicto iusta acenia de Fratres* (Álvarez Maurín, 1994). Así mesmo en Doc. PORT. reg. I, p. 205, a. 1139, atopamos *ut faciatis quattuor canarios in uestro azude*; a mesma palabra nun documento ultrapirenaico, que debeu ser redactado na Península, CARTUL. hosp. S. Joh. Hier. p. 399, a. 1180, *dono unam de ipsis zutis apud Cesaraugustam que zuda est proprior aliis zudis de flumine de Hiberno*.

⁶ Pola contra, como designación toponímica prefírese a terminación *-aldo*, cf. *Arraualdo* *(Os. 54, 1174) ou *Araualdo* *(Ra. 17, 1232). E polo que puidemos averiguar na documentación medieval en galego o apelativo en *-aldo* parece que goza tamén de certo relevo.

⁷ Noutros dominios, cf. nun doc. portugués do a. 952, *et in arraualde de Colimbrie* (Lange 1966: 201); en CARTUL. S. Emil. Cocul. a. 991, *in uarrio que dicunt..*; DOC. Port. reg. I, a. 1154, *cibariam dent per alqueire de azougui...* ou *in alhauce de Salamantica* da catedral de León a. 953 (Álvarez Maurín 1994: 311).

⁸ Máis datos para o dominio galego-portugués en Lorenzo; tamén con datos doutros ámbitos é a obra de Oelschläger.

985) ‘túnica aberta por diante con botóns’, *almexia* (Ce. 348, 919) ‘túnica sutil’ e *zoramen* (Ce. 75, 955) ‘manto ou capa con carapucha e aberta por diante’; e voces relativas a certos complementos como podían ser *reiteles* (Ce. 234, 928) ‘¿alfaia?’, *alfimiano* *(La. 3, 1019) ‘escarcela’ ou *natamia* ‘labor de contas enfiadas’⁹.

7. 5. Tocante ós recipientes e utensilios domésticos podemos distinguir os seguintes (5%): *arrodomas* (Ce. 2, 942), *tagaras* *(Sa. 79, 1074) ‘vasilla cilíndrica’, *bardonem* (So. 174, 1168) ‘albarda’ ou *zerrac* (Sa. 108, 1033) ‘cobertura propia das cabalgaduras’¹⁰.

7. 6. A maior parte das voces de orixe árabe integrarían o campo semántico dos produtos téxtiles (50%): xa o das roupas de cama xa o dunha gran variedade de tecidos, distintos segundo a composición, función ou procedencia. Isto obedece a que toda a variedade téxtil árabe, co seu luxo e refinamento, chega a ser coñecida nos reinos cristiáns de maior austeridade neste aspecto. Entre as prendas de leito¹¹ destacamos *alfamares* (To. 39, 1220) ‘alfombra, cobertor’, *allihaffes* (Ce. 4, 938) ‘colcha’, *almuzalla* (Ce. 4, 938) ‘cobertor, manta’, *citharas* (Lo. 1, 969) e *fateles* (Ce. 2, 942) ‘manta ou tipo de cordón’. A miúdo certas prendas, quer de cama quer de vestir e, ante todo, as eclesiásticas, aparecían determinadas por voces que relativas ás peles coas que estaban confeccionadas: *alfanege* (So. 38, 985) ‘de garduña ou raposo’ e *zingaue* *(Sa. 79, 1074) ‘de esquío’¹². Sen embargo, son moito máis numerosas as referencias a tecidos preciosos, case sempre de seda, que procederían de Oriente e de centros téxtiles de Alandalús onde os imitaban. Pola súa cantidade limitaremos as súas mencións: *addani* (Ce. 4, 938) ‘brocado de seda de Adén (Ieme)’, *barragan* (Ce. 2, 942), *fazanzales* *(La. 3, 1019) ‘tecido bordado de la, cadarzo ou pelo de cabra propios de Fasa (Persia)’, *marayce* (Ce. 2, 942) ‘tea rameada, de la de cabra’, *morgom* (Ce. 4, 938) ‘tea de varias cores’, *tyrace* (Ce. 4, 938), *atiuachis* (Lo. 1, 969) ‘brocado de seda iraní’, *cicatones* (Bo. 3, 1168) ‘tecido de seda ou raso’, *exageg* (Ce. 2, 942) ‘de seda vermella’, *kaskerxi* (Ce. 4, 938) ‘de color mapoula’, *mataraffes* (Ce. 4, 938), *oueite* *(La.3, 1019) ‘tecido de la moi fino’, *alchaz* (Ce. 2, 942), etc. Outro tipo de determinación que afecta ás prendas é a relativa ás cores e adornos, véxase, entre outros, *mezki* (Ce. 4, 938) ou *suruz* (Ce. 4, 938) ‘índigo ou verde’; e tamén co adxectivo *erakes* (Ce. 2, 942) se alude á procedencia oriental dos produtos. Despois deste inventario de tipos de tecidos dubidamos de se realmente, xa na época, os compradores ou beneficiarios do documento identificaban perfectamente estes termos ou máis ben, como pensamos, para eles só connotaban a idea dun produto de calidade, refinado, luxoso e de elevado custe¹³.

⁹ Cf. CARTUL. S. Vinc. Ovet. a. 887, *equa, zurahemen, atorra linea*, nun espazo próximo ó noso.

¹⁰ En documentos de áreas próximas: Sahagún a. 996, *aredoma era, espanesca I*; a. 1083, *II tagaras*.

¹¹ Tamén en áreas cercanas, véxase a modo de exemplo, un doc. portugués do a. 1188, *un lecto cum guenabe aut cum alfamar* (Neuvonen 1941: 305); Sahagún a. 1069, *allifafe*; CARTUL. S. Jacob. Legion. a. 917, *almuzallas*; San Juan de la Peña a. 1061, *et acitaras et colcetras* ou CARTUL. S. Vinc. Ovet. a. 1058, *et fatelem toroninio*.

¹² Fóra do noso corpus achamos numerosos testemuños destas peles: Doc. cath. Ovet. a. 1078, *pelle alfanage* ou de Guimarães a. 953, *I saia fazanzal cum sua uatanna tiraz manto azingiaue...* (Steiger 1943: 635).

¹³ Estes e outros tecidos tamén están presentes noutros cartularios peninsulares; como exemplo, o famoso inventario de Covarrubias do a. 1112, *De almadigas: IIII greziscas et I morbcon et I^a ciclaton et I^a anomath* (Steiger 1943: 645); ou esta enumeración nun doc. da catedral de León do a. 959, *duas dalmaticas greciscas et unam ciquilatonem et tres mantos, unum ciquilatonem et duos morgomes et unum frontalem dolcedi* (ib., 642).

7. 7. E xa por último, réstannos dous vocábulos fóra desta presentación: por unha banda un metal, *alotone* (Ce. 139, 1040); por outra, un bolo de fariña de trigo, ou sexa, unha *regeifa* (Sa. 66, 1166).

8. Tras este breve percorrido polos arabismos da prosa notarial altomedieval de Galicia observamos que a súa presenza é máis importante dende o punto de vista cualitativo que cuantitativo a causa da variedade de campos semánticos que abranguen. Quizais parte disto se poida explicar porque os notarios sabían que, ante todo, debían redactar estes textos en latín. Agora ben, independentemente do grao de arabización do territorio noroccidental e mesmo do papel xogado polo elemento mozárabe na configuración dalgún período da nosa lingua -que semella existiu a xulgar polos descendentes- non podemos deixar de recoñecer a existencia de dúas culturas, con linguas diferentes, que entraron en contacto. O grao de incidencia é difícil de determinar. Para Corriente “en aquel contexto, a presenza de arabismos era indicio de integración en la más alta cultura del momento”; Mariño, pola súa banda, presupón unha intensa influencia da vida e da cultura árabes na existencia cotiá da Idade Media “que en Galicia debe entenderse máis como impregnación dun clima predominante en terras meridionais ca como froito dunha experiencia en contacto directo”. Con todo, coidamos que a pegada que deixaron nestes documentos é bastante significativa e merecería un estudio comparativo co que sucede noutros dominios peninsulares no mesmo período para determinar o seu verdadeiro valor así como un estudio pormenorizado da súa evolución en épocas posteriores.

Bibliografía citada

- ÁLVAREZ MAURÍN, M^a del P. *Diplomática asturleonese: terminología toponímica*. León: Universidad de León, 1994.
- Ce. = ANDRADE CERNADAS, J. M. *O tomo de Celanova: estudio introductorio, edición e índices* (ss. IX-XII). 2 t. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 1995.
- La. = CAÑIZARES REY, B. “El monasterio de San Martín de Lalín”. *El Museo de Pontevedra* 1 (1942): 177-216.
- COROMINAS, J. / PASCUAL, J. A. *Diccionario Crítico Etimológico Castellano e Hispánico*. Seis vols. Madrid: Gredos, 1984-1991.
- CORRIENTE, F. (1999): *Diccionario de arabismos y voces afines en iberorromance*. Madrid: Gredos.
- EGUILAZ Y YANGUAS, S. *Glosario etimológico de las palabras españolas (castellanas, catalanas, gallegas, mallorquinas, portuguesas, valencianas y bascongadas) de origen oriental (árabe, hebreo, malayo, persa, turco)*. Madrid: Atlas, 1974 (Repr. facsímile da de Granada: Imprenta La Lealtad, 1886).

- Cv. = FERNÁNDEZ DE VIANA Y VIEITES, J. I. / GONZÁLEZ BALASCH, M^a T. / PABLOS RAMÍREZ, J. C. de. "El Tumbo de Caaveiro". *Cátedra. Revista eumesa de estudios* 3 (1996): 267-437; 4 (1997): 221-385.
- FRÍAS CONDE, X. "O elemento árabe en galego", *Revista Galega de Filoloxía* 1 (2000): 158-171; 3 (2002): 65-80.
- Bo. = GARCÍA ÁLVAREZ, M. R. "Sobre la fundación del monasterio orensano de Bóveda". *Bracara Augusta* 67-68 (1975): 111-143.
- LANGE, W.-D. *Philologische Studien zur Latinität westhispanischer Privaturkunden des 9.-12. Jahrhunderts*. Leinden und Köln: E. J. Brill, 1966.
- LORENZO, R. *Sobre cronologia do vocabulário Galego-Portugués*. Vigo: Galaxia, 1968.
- So. / SoII. = LOSCERTALES, P. *Tumbos del monasterio de Sobrado de los Monjes*, 2 vols., Madrid, 1976.
- Cb. = LUCAS ÁLVAREZ, M. "La colección diplomática del monasterio de San Lorenzo de Carboeiro". *Compostellanum* II, 4, (1957): 199-223 ; III, 2, (1958): 29-116 ; III, 4, (1958): 547-638.
- Sa. = LUCAS ÁLVAREZ, M. *El Tumbo de San Julián de Samos (siglos VIII-XII). Estudio introductorio. Edición diplomática. Apéndices e Índices*. Santiago: Publicacións da Obra Social de Caixa Galicia, 1986.
- TA. = LUCAS ÁLVAREZ, M. *Tumbo A de la catedral de Santiago*. Santiago de Compostela: Seminario de Estudos Galegos- Cabildo de la S.A.M.I. Catedral-Edición do Castro, 1998.
- Ra. = LUCAS ÁLVAREZ, M. / LUCAS DOMÍNGUEZ, P. *San Pedro de Ramirás. Un monasterio femenino en la Edad Media*. Santiago de Compostela: Publicacións de la Obra Social de Caixa Galicia, 1988.
- SC. = LUCAS ÁLVAREZ, M. / LUCAS DOMÍNGUEZ, P. *El monasterio de S. Clodio do Ribeiro en la Edad Media. Estudios y documentos*. Sada: Publicacións do Seminario de Estudos Galegos. Edición do Castro, 1996.
- MORALA RODRÍGUEZ, J. R. "Consideraciones en torno al léxico de origen árabe en la documentación medieval leonesa". *Proyección histórica de España en sus tres culturas: Castilla y León, América y el Mediterráneo* de E. Lorenzo Sanz. Junta de Castilla y León, 1993, t. II, p. 149-156.
- Sáez, E. / Sáez, C. *Colección diplomática del monasterio de Celanova (842-1230): 1 (842-942)*. [Alcalá de Henares]: Universidad de Alcalá, 1996.
- NEUVONEN, E. K. *Los arabismos en el siglo XIII*. Helsinki, 1941.
- Lo. = RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Á. / REY CAÍÑA, J. A. "El Tumbo de Lorenzana". *Estudios Mindonienses* 8 (1992): 11-324.
- Os. = ROMANÍ MARTÍNEZ, M. *A colección diplomática do mosteiro cisterciense de Santa María de Oseira (Ourense) (1025-1310)*, 2 vols., Santiago de Compostela: Tórculo, 1989.
- To. = SALVADO MARTÍNEZ, V. / SALVADO MARTÍNEZ, B.: "Tumbo de Toxosoutos. Siglos XII y XIII". *Compostellanum* 36 (1991): 165-227.
- Me. = SOTO LAMAS, M^a T. *La colección Diplomática del monasterio cisterciense de Melón, Ourense (Pergaminos de la Catedral de Orense)*, ss. XII-XIII, tese de licenciatura inédita. Santiago de Compostela, 1992.
- STEIGER, A. "Zur Sprache der Mozaraber". *Sache, Ort und Wortz. Jakob Jud zum Sechzigstein Geburtstag (12 januar 1942)*. *Romanica Helvetica* 20. Genève et Zurich: E. Droz, 1943, 624-714.

Varela Sieiro, Xaime. “Léxico cotián de procedencia árabe na documentación latina de Galicia”. *Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Galicia. Galicia e os outros pobos da Península. Barcelona 28 ó 31 de maio de 2003*. Ed. de Helena González e M. Xesús Lama. Sada: Edicións do Castro / Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) / Filloxía Galega (Universitat de Barcelona), 2007. ISBN: 978-84-8485-266-7. Depósito Legal: C-27912007.

